NÚMERO 1079 **VERÁN 2026** ANO XLIV

IRIMIA

REVISTA DE CRENTES GALEGOS

O reto da **común unión**

Índice

07 — **DIA DAS LETRAS**
Charo Lopes escrebe sobre a infancia de Begonha Caamanho na parroquia do Cristo da Vitoria

08-11 — **CONVERSA**
Guillermo Rendueles é un psiquiatra asturiano que critica a sociedade egoica e narcisista

14-15 — **30 ANOS DE EXERIA**
O 9 de Maio as Mulleres Cristiás Galegas celebraron o 30º aniversario de EXERIA

16-21 — **O RETO DA COMUNIDADE**
Movidas pola fe, o activismo ou o amor á terra, diferentes persoas elixen a vida en comunidade

24-25 — **MIGRACIÓN E DIGNIDADE**
Soledad Lucero fala con nós sobre o seu papel no leme da 'Asociación Movilidad Humana'

30-31 — **CONTRA O PUNITIVISMO**
Desde a experiencia da Pastoral Penitenciaria critícase a nova Lei de multirreincidencia

O CARRABOUXO por Xosé Lois

Edita: Asociación A. IRIMIA
Dende setembro de 1981
Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Miguel Garcia Nogales, Alba Ribas , Christina Moreira, Marisa Vidal Collazo, Rosa García, Ledicia Piñeiro.
Colaboran neste número: Xosé Lois, Beatriz Cedrón, Carlos Vázquez G., Mulleres Cristiás Galegas Exeria, Teresa Souto Loira, Flavia Berrocal, Miguel Fernández, Juan Antonio Terrón, Xan Guillén, Rubén Aramburu, Victorino Pérez Prieto.
Correción lingüística: Maite Pérez
Maquetación: Miguel Garcia Nogales
Ilustración da portada: Coletivo 46

Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 450 exemplares
ISSN: 2172-9182
Imprime: Sacauntos
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: https://irimia.gal
Subscricións: 689 858 197
irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros anuais
De apoio: 50 Euros anuais
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001
2500 0078 9628

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

Agradecer e construir o “**nós**”

Somos un *nosoutros*. Somos materia comunitaria, arxila que resulta de moitos sedimentos, terra fértil de aluvión dos que nos precederon e nos fixeron posibles e tamén de quen nos foi construíndo a par de nós no camiño da vida, desde que nacemos, feridas incluídas.

O devalo do común, do comunitario, ten varias facetas. Unha delas é socioeconómica; outra, nesta altura, precisa dun diagnóstico psiquiátrico da *sociedade das pantallas*, e ademais, todo este fenómeno ben merece unha mirada teolóxica.

Nesta tecnocracia, na que nos foron instalando, a desigualdade foise facendo enorme. Estamos tentados e urxidas a gramar no botón do ascensor social para distanciármonos do fracaso e dos fracasados. Son fugas individuais, para un “ser coma eles”, coma os vencedores. É o discurso mentirán da persoa “que se fai a si mesma”, para arredarse dos que non son coma min, co meu merecido lugar na escada social. E a “chamada” é a segregármonos, fortificarnos en barrios respectables, en colexios selectos, na medicina privada.

A socialización en pantallas e redes sociais – en realidade unha non-socialización – opera como aliada dese empobrecemento das relacións sociais reais, da amizade con empatía, das alianzas para a mellora do común ou por calquera causa xusta. Depresión, condutas autolesivas, déficit de atención e incapacidade de reflexión, de comprensión lectora ou de contemplación, son parte da epidemia tecnopsiquiátrica da nosa hora. Diríase que é un resultado buscado, que responde a intereses de personaxes con tantos dólares e poder sobre as nosas vidas como falta de escrúpulos.

Descentrarnos, descentrar a nosa vida do noso adorado “Eu” é toda unha tarefa espiritual. Hai moito traballo interior nese emprendemento. Pero paga a pena. Poñerse en clave comunal é poñerse en clave de servizo, do auténtico, do que non se *mercadea*. “...coidar a fraxilidade. Servir significa coidar aos fráxiles das nosas familias, da nosa sociedade, do noso pobo. Nesa tarefa cada un de nós é quen de deixar de lado as súas procuras, afáns, desexos de omnipotencia diante da mirada concreta dos máis fráxiles”. A cita non está precisamente en liña co que predican os tecno-oligarcas e as súas marionetas políticas. É de Francisco na “Fratelli Tutti”, nin máis nin menos.

Descentrar a nosa vida do noso adorado "Eu" é toda unha tarefa espiritual

Beatriz Cedrón

O que **lembraremos** ao marchar

Comecemos polo principio... nacemos, e non damos aberto os ollos. Precisamos que nos alimenten, que nos dean calor ou que nola quiten, que nos aseen, que nos coiden se temos dor ou enfermidade e, sobre todo, que nos queiran e nos dean afecto. Porque aínda que tivésemos todo o demais, se nos deixaran soas, sen falarnos e privadas de contacto con outras persoas, mesmo poderiamos morrer.

Pero precisamos das demais non só por pura supervivencia física, senón porque hai outras necesidades básicas, como o sentido de pertenza, os intereses comúns, algunhas aprendizaxes, o recoñecemento, a creación colectiva e outras que só se satisfán a través da interacción con outras persoas; todo iso que nos fai tanta falta como comer e durmir. É así logo que vivir, en contacto con outras, transcende a dimensión puramente utilitarista para formar parte da propia natureza humana: somos seres comunitarios dun xeito constitutivo. E nisto coinciden bioloxía, antropoloxía, socioloxía, filosofía e outras ciencias. Pero, que acontece cando a comunidade nos oprime? Que pasa cando o teu propio grupo te rexeita porque es diferente, porque non outorga o mesmo valor a todas as persoas que o conforman e discrimina dun xeito ou doutro? E se a comunidade se equivoca?

Nese escenario, cómo imos non escoitar os cantos de serea que anuncian unha vida exitosa para as persoas feitas a si mesmas; que din que se queremos, podemos; que o merecemos todo e non precisamos depender de ninguén; e que mesmo nos permiten vendernos como marca propia a través das redes sociais?

As mensaxes están aí, en todas partes: nos medios, no ensino, no lecer, na propia estrutura produtiva. Mais esa soidade que venden non sempre é desexada nin elixida (nalgunhas persoas maiores e, cada vez máis, mesmo en xente nova). Ademais, a sa e necesaria autonomía en ocasións é liberdade no baleiro pola ausencia de vínculos, que eliminan o sentido de pertenza. Mesmo o ego, en solitario, ten un traballo infinito e esgotador se se ten que soster só. É así que o individualismo se asemella máis a un produto expresamente creado, aínda que sexa radicalmente necesario colocar e dimensionar en xusta proporción normas, egos, autonomías e liberdades, o que non é doado.

E rematemos polo ¿final?... Cando marchemos, que lembraremos? As hipotecas e os empréstitos que pagamos ou as mans que nos aloumiñaron? Os reloxos e obxectos que marcaron as horas das nosas vidas ou as paisaxes, os sorrisos, os rostros e os corazóns que nos acompañaron?

E entre o comezo e o final, escribimos a nosa biografía ao longo dun número incerto de días de vida nos que buscamos darlle sentido a ela propia. E de novo emerxe a comunidade. Poderiamos imaxinarlle unha razón de ser á vida sen que a nosa memoria se constrúa coas outras e en relación con elas? Ao fin, o individualismo pódenos dar, como moito, o "continente": un espazo no que desenvolvernos, pero non o "contido": o que dota de sentido ese espazo.

Ese proceso de crear e formar parte da comunidade, vai ter distintos graos de dificultade segundo as circunstancias xerais e as características de cada persoa. E en moitos casos non vai ser doado, mais os resultados positivos daquelas experiencias que si funcionan, amosan que é posible e desexable apostar por elas. Así, camiñando dende o ámbito máis reducido ao máis amplo: non son comunidades as asociacións veciñais rurais e urbanas que desenvolven actividades, ben sexa de lecer, ben sexa de reivindicación de melloras para a veciñanza? Ou as asociacións de persoas afectadas por doenzas, as das migrantes, as que protexen o medio? Comunidade son tamén as persoas que recuperan a memoria de actividades en común, como mallas, romerías, mercados, entroidos, fiadeiros ou magostos. Tamén as comunidades de montes que desenvolven proxectos de ecoturismo e de gandería extensiva. E as comunidades que xiran ao redor da música. E, por último, non foi un movemento comunitario o que conseguiu (agardemos que definitivamente) o peche do proxecto de Altri, como acontecera décadas atrás co da central de Xove?

Polo medio temos, esencialmente, todos eses actos "para" e "en" comunidade nos que colaboramos no coidado das demais dun xeito que nace de nós, da pura lóxica de vivir, por unha iniciativa que xorde, como diciamos, de que somos, constitutivamente, seres sociais. E por iso nos revolvemos tanto cando sabemos de casos nos que se abandonan persoas á súa sorte sen lles tender a man.

Estamos xa no verán, con luz e condicións que invitan a facer comunidade no exterior nun ambiente de festa. Que podemos facer? Á marxe das inmumerables feiras e festas parroquiais do país, lembramos os festivais de **Ortigueira** e de **Pardiñas**, o **Filandón de Músicas do Courel**, as mallas (**Meira, Lalín**), as festas mariñeiras da **Virxe do Carme**, o **Festival 27373 de Begonte**, o **Festival Irmandiño de Moeche**, o **FIM de Moaña**, o **Folión de Carros en Chantada**, a **Queima das Fachas ou Folión do Castelo de Taboada** e tantas outras que vos animamos a procurar entre a vosa veciñanza e tamén, por exemplo, en **festigaleiros.com**

Comunidade son tamén as persoas que recuperan a memoria de actividades en común, como mallas, romerías, mercados, entroidos, fiadeiros ou magostos

Carlos Vázquez G.

"Tería o diaño de que se rir"

Con esta significativa expresión, descartaba a miña nai caer nunha trampa, nun engano, nunha falsa crenza ou na aceptación, como válida, dunha mentira, asumindo coma beneficio o que, en realidade, é un "maleficio". Caer na argucia ou na artimaña, que che fai mal crendo que é un ben, é sempre cousa do demo, que por confundirte, rirá ás gargalladas polo seu triunfo, o triunfo do mal.

Coido que, en todas as relixións e mitoloxías, tan importantes son os deuses coma os demos. Por iso os poetas primeiro e, de seguido, os teólogos elaboraron fondas reflexións tanto sobre Deus coma sobre o Diaño. A "demonoloxía" considérase unha rama da teoloxía. O que non resulta tan contraditorio, como puidese parecer, se consideramos que a definición tomista da teoloxía como "ciencia de Deus" tamen o é "das cousas divinas"; e cousa divina, e mesmo creación de Deus, é o diaño, coma principio "transcendente" de todo mal.

Coido tamén que vén a conto este "introito", se consideramos a situación política global, que estamos a vivir con natural inquietude, preocupación e mesmo alarma.

Dende hai anos, a carón do auxe das doutrinas económicas neoliberais, foise elaborando un marco ideolóxico, ético e político que empezou por combater ou deturpar valores, criterios e principios que entendiamos como básicos: a solidariedade, a xustiza social, a igualdade, os dereitos humanos como universais, e a equidade ou o benestar social; e en política, a soberanía dos pobos, a democracia real, o multilateralismo nas relacións internacionais, unha legalidade internacional asumida, o antibelicismo ou a resolución dos conflitos pola vía do debate político e da diplomacia.

Comezouse por descualificar a bondade engadíndolle o sufixo "ismo". Así naceu, o "*buenismo*", termo de traza doutrinaria que facilita o desprestixio do ben, da empatía, da solidariedade. Algo semellante sucedeu coa palabra "woke", que se converteu nun saco no que bater e onde meter o antirracismo, a xustiza social, o respecto á diversidade, a loita pola igualdade de xénero, a diversidade sexual ou mesmo a defensa do medioambiente. Asi, facilítase o marco cultural e político que fomenta a xenofobia, o racismo, o machismo ou a aporofobia. Marco que permite enfrontar ás clases medias e modestas coas aínda máis pobres e desposuídas, que destrúe ou deturpa as democracias desde dentro, que serve aos poderosos para xustificar a explotación e a extrema codicia. Así, chégase á tolerancia social da violencia, á impunidade do crime e á "normalización" da guerra ou do xenocidio.

Se "compramos" este arcaico e diabólico marco doutrinario e político, crendo que non vai connosco, terá o diaño de que se rir.

Charo Lopes

Begonha Caamanho e o Cristo da Vitória

No bairro viguês de Coia, nos anos setenta, um grupo de frades e freiras dominicas revolucionou a paróquia do Cristo da Vitória. Trabalhavam com pessoas com adições, seguiam com atenção os processos anticoloniais polo mundo, faziam parte dos Comités de Solidariedade com América Latina. Eram os chamados "curas obreiros", seguidores da teologia da libertação, e converteram-se em motor do movimento cidadão do bairro. Foi nesse espaço onde a escritora Begonha Caamanho (Vigo, 1964 - Compostela, 2014), a quem este ano se homenageia no dia das Letras Galegas, teve o seu primeiro espaço de politização.

O local que a igreja tinha no rés-do-chão do edifício em frente ao instituto era o centro da vida social da rapaziada de Coia. Ali encontravam um espaço de partilha longe do fundamentalismo católico, com muita crítica social e formação política. Era um espaço misto, crítico, onde afloravam as descobertas da adolescência e as perguntas sobre o mundo. A paróquia converteu-se, assim, em uma escola de formação política, ética e comunitária que deixou uma marca profunda no tecido associativo do bairro e também na consciência de Begonha.

Uma das luitas articuladas arredor da paróquia foi a do movimento vizinhal contra a especulação e em defesa da Bouça, um terreno comum entre as grandes torres de vivendas de Coia. Sob a legenda "a Bouza é nosa", decorrem protestos, cortes de rua e acções de pressão sustentadas até conseguirem proteger o espaço ameaçado, que hoje constitui o principal pulmão verde do bairro. Também foi a partir do activismo paroquial que se gestaram protestos para conseguir passos elevados e passos de peões na avenida de Castelao, por onde os carros passavam a grande velocidade. A fé, ali, tinha consequências urbanísticas.

Begonha participou também no mantimento da escola de Barcia de Mera, em Covelo, na comarca de Paradanta, onde faziam acampadas de adolescentes. Um convívio na natureza que era cenário de descobertas e primeiras experiências. Ali, deitada no chão da noite, depois de horas de jogos, uma adolescente acariciava com os dedos o rosto do seu amigo. O mundo era imenso e estava todo por diante.

O que esses dominicos de Coia semearam em Begonha não foi uma fé religiosa — ela nunca se definiu crente — mas algo talvez mais duradouro: a convicção de que a neutralidade é impossível e que a justiça exige tomar partido. Que as estruturas de opressão tenhem nome e podem ser desmontadas. Que o local e o global estão sempre ligados. Que uma adolescente num bairro obreiro de Vigo pode, e deve, estar pendente do que acontece em El Salvador.

Décadas mais tarde, já com uma vida intensa de activismo feminista e independentista, Begonha continuaria a reconhecer esses anos como fundacionais. A teologia da libertação deixara nela não a linguagem religiosa, mas a lógica política: os de baixo contra os de cima, o comum contra o privado, a dignidade como irrenunciável. Uma revolução na qual poder bailar. Um feminismo como prática e utopia, caminho e destino ao mesmo tempo.

A paróquia do Cristo da Vitória foi, para ela, a primeira escola política. E os curas obreiros de Coia, sem o saber, contribuíram a formar uma das vozes mais lúcidas e combativas da literatura galega contemporânea.

Miguel Garcia Nogales

"A CRISE DA FAMILIA FOI CLAVE PARA FABRICAR ESTE NARCISISMO POSMODERNO, QUE É A PATOLOXÍA QUE EU MAIS OBSERVO"

En que medida cres que a psiquiatría axuda a entender a sociedade actual?
A práctica psiquiátrica axúdanos a ver como os procesos de individualización forzada, de perda de vínculos de toda a vida, de desaparición dos lazos sociais tradicionais... son a causa duns malestares terroríficos, que en lugar de seren resolvidos na vida cotiá polos grupos naturais, polos amigos, se profesionalizan e tratan de medicalizar ou psicanalizar. Hai unha obsesión por dar unha resposta técnica a problemas sociais e políticos. Existe unha falsa promesa da psiquiatría que nos tenta convencer de que eses malestares habituais que xera a chamada sociedade do benestar poden ou deben resolverse en consultas. A psiquiatría ponnos diante desas falsas necesidades e falsas respostas da sociedade aos malestares que ela mesma crea no ámbito da economía, da familia, da política...

Nese sentido, o que precisamos é un proceso que eu chamo moitas veces de des-psiquiatrización. De devolverlle á sociedade ou aos pequenos grupos os problemas que se crearon alí.

Falas dun proceso de individualización forzada… pero que é o que nos forza a romper os lazos cos outros? Cres que isto ten algo que ver coa intolerancia ás dificuldades e á dor que tamén caracteriza o noso tempo? Porque a convivencia non é fácil, a miúdo é dolorosa...
Si, estamos ante aquel vello dilema de Schopenhauer dos animais con púas, que se se achegan demasiado fanse dano, e se se afastan demasiado morren de frío. Un problema que eu vexo hoxe en día é que, sen pasar previamente por aqueles grupos naturais que mediaban o proceso de socialización, hoxe fórzanse rapidamente distancias íntimas, que xeran dor. E, ao mesmo tempo, eses grupos, eses vínculos serenos, eran o que nos

Guillermo Rendueles (Xixón, 1948) é un psiquiatra que defende a des-psiquiatrización da sociedade. A súa obra ensaística e a súa práctica médica están atravesadas por unha conciencia social profunda e crítica, que o levan tanto a identificar a raíz estrutural de moitos dos padecementos psíquicos do noso tempo, como a denunciar as falsas solucións técnicas e individualistas que hoxe prometen resolver os problemas do mundo e das persoas que o habitamos desde a consulta dun especialista. Con el conversamos sobre as dificuldades para convivir e unirnos nunha sociedade cada vez máis narcisista e egoica.

protexía antigamente dese malestares. Falo dos parentes, dos amigos da alma… que eran espazos de seguridade que non producían sufrimento, e que cada vez son máis escasos.

Agora eses falsos achegamentos, esas falsas intimidades, non están xa apoiadas naqueles vínculos sociais e tradicións serenas, e resultan extremadamente difíciles de xestionar. É como ir a un baile sen ter bailado nunca antes. Por iso é importante intentar recuperar eses vínculos e esas amizades, eses achegamentos de algunha forma un pouco máis prudentes, e eses contextos de tradicións e de seguridade... que é o que nos prepara e nos permite entrar e saír da intimidade.

Eu creo que as redes sociais influíron moi negativamente niso: os amigos de internet non son amigos, o amor en internet non creo eu que sexa o amor.

A hipercomunicación que buscamos hoxe en día é unha expresión dunha soidade profunda, porque buscamos substitutos de algo que realmente non temos, que é contacto real, conexión real e profunda con outras persoas, non cres?

Si, eu comparto esa idea - que é en certo sentido moi heideggeriana- de que estamos arrebolados á soidade e de que tratamos de cubrir iso con eses vínculos irreais que son as redes sociais, ou con esas relacións de intimidade "acelerada". Antes as amizades íanse forxando a través dos vínculos xerados en grupos de montaña, ou por afinidades de lecturas, ou en grupos ideolóxicos… hoxe é como se esa etapa tivese saltado polos aires, e a xente quere atopar rapidamente a súa alma xemelga nas redes sociais. Pero eu creo que iso é falso, que é buscar onde non hai. As boas amizades ou os amores hai que traballalos, e necesitan tamén contextos máis amplos que as puras relacións a dous.

No teu ensaio Egolatría (2005) falabas da fragmentación do suxeito, de como se quere eliminar a idea dun "eu" responsable detrás das nosas múltiples persoas. Pregúntome se tamén estamos asistindo a unha fragmentación das vidas (cada vez máis, a xente cambia recorrentemente de traballo, de lugar de vivenda, de parella, de amizades...) que dificulta a definición e a identificación cun proxecto biográfico que unifique o que somos e nos comprometa ¿cres que iso podería ter algo que ver coa dificultade actual para a convivencia?

Si, absolutamente. Antes falábase de *vocación*, de que un se sentía chamado pola medicina, ou pola política, ou polo que fose… pero hoxe a palabra "vocación" sóanos anacrónica. Estamos construíndo unha sociedade sen vínculos na que o único compás de orientación é o desexo: o importante é que eu desexo algo, e parece que calquera "debo", calquera "teño que", soa como represivo. Fíxate que aquel himno proletario, "a varsoviana", que foi adoptado polos anarquistas, dicía que "aínda que nos agarde a dor e a morte / contra o inimigo chámanos o deber"... nada máis lonxe do ideal posmoderno actual!

Hai anos xa viamos esa forma de vida nas sociedades anglosaxoas: flotaban no medio social, víase meritorio cambiar de vocación tres ou catro veces ao longo da súa biografía, divorciábanse moito, cambiaban de casa, dunha costa a outra… A americanización da vida europea foi traendo iso aquí. O traballo actualmente é un mero "gaña-pan", non articula ningún proxecto biográfico... as biografías modernas son así, moi "saltonas", ¿non?, sen un fío condutor que defina o que é unha boa vida. Agora interprétase que unha boa vida é a dos *Rolling Stone*, que se deitaron con mil non sei cantas mulleres, e non a de Marie Curie, que descubriu o radio. E eu creo que ese despiste inflúe no sufrimento actual, porque habitualmente o dos Rolling non funciona: quizais lles funcione a eles, pero aos individuos de abaixo o que lles fai é xerar confusión, dor e mala vida en xeral.

"Estamos a construír unha sociedade sen vínculos na que o único compás de orientación é o desexo: o importante é que eu desexo algo, e parece que calquera deber soa como represivo"

"Fronte á sociedade líquida non debemos reivindicar a sociedade tradicional, senón novas comunidades baseadas na creación de redes solidarias"

"Nos partidos políticos, as personalidades empáticas, humildes e solidarias son varridas polos Maquiavelos e os Narcisos"

Permíteme facer de *avogado do diaño*: a miúdo dicimos que esta forma de vida nola "impón" o sistema, o capitalismo neoliberal, o que sexa… pero calquera que a defenda responderá que a el ninguén lle impuxo nada. Que a sociedade líquida non é unha imposición, senón unha elección, que é algo que buscamos nós mesmos, que ninguén prohibiu a vida en comunidade...

Eu creo que foi un proceso complexo, e que na base de todo está a transformación da familia. Por exemplo, houbo unha elección no modelo de "famílias pechadas" completamente distinto ao que eu coñecín. Eu crieime nun barrio no que os amigos e a veciña eran unha extensión da miña familia: as portas non estaban pechadas, tiñan un picaporte e ti entrabas nunha casa á hora da merenda e dábanche unha onza de chocolate; e a rúa era un espazo común onde xogabamos, era noso e se pasaba un coche pitábanos... Criábaste na rúa e calquera veciño podía darche unha hostia... pero tamén calquera veciño coidaba de ti e protexíate se había calquera problema. Ese mundo familiar e veciñal desapareceu, foi substituído por un modelo de fillo único, no que o neno é un rei no que se inviste toda a enerxía, nesas crianzas completamente protexidas e narcisistas. Desapareceu polo mercado, si, pero tamén porque non loitamos, non o protexemos.

Teño un recordo vivo das últimas loitas obreiras aquí en Asturias, que foron as do naval, e que me parece que pode ilustrar isto do que falamos. Que loita había? Tratar de manter abertos os estaleiros e que se creasen postos de traballo para os fillos, ou ben conseguir xubilacións moi altas. Pois non se tardou nada en aceptar que se pechen os estaleiros, que nos paguen xubilacións altas e que as novas xeracións se busquen un pouco a vida como poidan. Alí puidemos ver a influencia das dúas cousas, non? Por unha parte o mercado impuña unha realidade: hai que facer os barcos en Corea, ou onde sexa. Pero, por outra, os obreiros desta xeración preferiron a cenoura a loitar polo futuro dos seus fillos. Perdérase xa esa tradición e esa solidariedade de loita que caracterizara o mundo dos traballadores. E a familia foi o mediador para fabricar ese narcisismo posmoderno, que é a patoloxía que eu hoxe observo máis.

Parece que vivimos na tensión de dúas necesidades, de dúas pulsións, unha cara á individualidade e outra cara á comunidade. Cada unha ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes, e o vento desta época sopra con forza cara á individualidade. Pero eu creo que nos deixamos levar por ese vento porque -hai que recoñecelo- tamén a familia e a vida en comunidade teñen as súas dificultades. Eu creo que a crítica á sociedade líquida e sen vínculos, debe ir acompañada dunha comprensión dos problemas reais que tamén ten a vida en comunidade, que non é en absoluto idílica...

Creo que se dicía "aldea pequena, inferno grande", non? Nas comunidades hai apoio mutuo, pero tamén alcumes, xuízo público, represión... Non, eu creo que o querer

Crianzas xogando na rúa, fotografadas por Robert Doisneau

volver atrás é a chave do fascismo, como explica Polanyi: veste tan abrumado polo mercado, por estas sociedades tan impersoais, que ves como liberadora aquela proposta da Falanxe de volver á familia, ao territorio... de dar marcha atrás á historia. Pero a comunidade hai que recreala sobre a nova realidade, non mediante unha marcha atrás, senón marcha adiante. Iso era o socialismo, o comunismo: non volver ás comunidades "naturais" (familia, tribo...), senón facer da sociedade enteira unha nova comunidade. Fronte á sociedade líquida non debemos reivindicar a sociedade tradicional, senón novas comunidades baseadas na creación de redes solidarias.

Como cres que afecta á política este individualismo e narcisismo social do que estamos falando?
Eu militei primeiro no PCE; logo fun candidato de case todo, desde Izquierda Unida ata Podemos. E o que observei dentro de todas esas organizacións é que por debaixo da ideoloxía que din profesar, o que son todos devotos é de Maquiavelo. Gústalles máis mandar que foder! Isto non nos debe facer fuxir dos partidos, pero si ter en conta esas dinámicas maquiavélicas, que son comúns a todos os partidos que eu coñezo. E que é algo dificilísimo de erradicar, porque normalmente eses maquiavelos das organizacións son persoas que dedican as 24 horas do día a facer política – non para a sociedade, senón política interna- E así están agora os partidos cheos de pillabáns que só pensan en aganchar, un cóctel horroroso de Maquiavelos e Narcisos!

Sempre teño a dúbida de se os partidos crean esas personalidades ou as atraen...
Si, hai un tipo de intelixencia que é unha intelixencia maquiavélica, caracterizada por esa habilidade especial para amolar ao outro sen ningún sentimento de culpa, para aganchar custe o que custe, para finxir e enganar... que é moi común tanto nas grandes empresas como nos partidos, que cada vez se parecen máis. Eu creo que estas organizacións atraen este tipo de personalidades, que rapidamente ascenden por unha especie de "selección natural". As personalidades empáticas, humildes e solidarias son varridas por esas intelixencias maquiavélicas.

Se a política ben entendida é a construción e a defensa do común, parece que o neoliberalismo disolveu os seus alicerces: que resulta imposible unha política sa sen a experiencia previa do barrio, da aldea, do asociacionismo, da comunidade...
Efectivamente: a esquerda necesita ese preludio. Antes de militar nun partido militábase no sindicato, na asociación de veciños, nos medios culturais... Pero o individualismo vai liquidando todo iso. Si, eu creo que o proceso de reconstrución da esquerda ten que partir de moi abaixo, que as saídas así demasiado optimistas, como algún populismo que estaba dentro de Podemos, ou o activismo ambientalista, son movementos moi prematuros que enfrontan grandes dificultades por carecer deses vínculos por abaixo. Cando non existen esas solidariedades de base, o político é moi artificial: pode durar un tempo, pero ás primeiras de cambio mesmo pasan ao lugar oposto. Iso é o que está a acontecer agora na Franza: que esas barriadas de París ou Barbilié, historicamente vermellas, son agora espazos desestruturados nos que triunfa a extrema dereita, que ofrece a solidez e os vínculos do patriotismo e o fascismo. A min o auxe que estamos a ver da extrema dereita prodúceme terror, porque se conseguen todos eses votos cos políticos que teñen, que non saben facer un “o” cun canuto, imaxínate se lles sae a un político intelixente o que poden armar!

É necesario que a esquerda atenda a esa necesidade e tamén saiba ofrecer unha resposta á sociedade líquida, que non sexa voltar atrás, senón a creación dunha nova sociedade aberta e fraterna, respectando a intimidade do individuo.

Christina Moreira

A COMÚN-UNIÓN DESDE A FE EN XESÚS O CRISTO

"A calidade da relación é o que dorme no cerne do encontro "eucarístico" igual que nas nosas mesas, nas nosas festas. O que Deus Pai e Nai quere para nós, e Xesús manifesta, é precisamente o achegamento entrañable, que vive nas entrañas, no ser humano"

Unidos para ser repartidos

Falar de comuñón lévanos ao "común", á "unión"; á unidade de realidades dispersas para ser partilladas. Podemos pór en común traendo algo cadaquén, e tamén desde a comuñón repartir para moitas persoas e lugares. Do que *xuntamos* nace o que *partillamos*; e de aí bótase a andar unha xeira de dar e recibir que pode ser perpetuo nun lugar concreto, ou virtual. As novas tecnoloxías aprendéronnos que a presenza pode comunicarse e permanecer de moitos xeitos. A Presenza é teimuda, non se deixa destruír, nela é onde se dá a Comuñón.

A primeira comuñón

No encontro profundo da fusión de dous seres dáse a comuñón que trae un novo ser á vida. Facer o amor é realmente comungar coa vida que arela repartirse no fondo do noso corpo, no mesmo espazo onde mora o Santo Espírito en nós (Mt 6,6), que non flota por enriba como un globo senón que *mora* en nós: a trindade ti, eu, o amor. Vimos de fábrica para partillar e comungar. Falar de *comuñón* é falar de amor, con todas as súas infinitas e variadas formas: se é amor hai comuñón.

Por iso, imos aquí estender o fío cara a ese inicio de todo amor, ese enganche primixenio do bucle que Xesús veu desenvolver. Non comecei falando de Deus, da Misa, de sagrarios, hostias e patenas porque coido que falla moitas veces, na comprensión da eucaristía, o feito e a intención primixenia. Falla xusto o que non debía fallar: a memoria.

Aquela xuntanza arredor dunha mesa, na que se canta, se reza, se come e se bebe, todo como manda a tradición pascual hebrea, é unha das moitas que Xesús e os seus amigos e amigas tiveron ao longo de varios anos. Acabarían contando contos das andanzas varias, da xente que atoparon, do que viron e oíron, o bo e o menos bo. A mesa adoita ser un bo lugar para re-cordar, para traer brevemente de volta ao corazón, facer presente, a quen xa non está, polo poder do agarimo, decatándonos de que cadaquén ten o seu propio lugar, á súa maneira.

Xesús e compañía tiveran moitas mais ocasións de xantar e cear das que sabemos. Como a famosa romaxe onde houbo que dar de comer a cinco mil.

Por suposto, podemos traer aquí os discursos que Xesús faría daquela..., contados moitos anos despois por autores que procuraban explicar e elevar o nivel ao seu modo, adaptándoo para a súa xente e o seu lugar, engadindo teoloxía a ese momento que se foi perpetuando, repetíndoo unha e outra vez.

A *fracción do pan*, que era como se lle chamou ao comezo ao que nós chamamos hoxe *misa*, foi desde aquel momento un xesto de identidade, pero se relemos atentamente os Evanxeos atoparemos non menos de seis relatos de multiplicación de pans e peixes, encontros romaxeiros de miles de persoas. Vemos a Xesús comendo e bebendo e mesmo sendo acusado de lambón e bébedo. Comer e beber fíxose acto revolucionario, procurando unha coherencia na encarnación.

A calidade da relación é o que dorme no cerne do encontro "eucarístico" igual que nas nosas mesas, nas nosas festas. O que Deus Pai e Nai quere para nós, e Xesús manifesta, é precisamente o achegamento entrañable, que vive nas entrañas, no ser humano. Mais, como dixo Paulo de Tarso, está teimando en protexer ese tesouro que levamos en vasos de barro; e só quen nos fixo sabe que isto é certo.

Ese tesouro foi dado para *á multitude* e conviría quizás cuestionar ese rigor de patente rexistrada e por riba de monopolio absoluto que lle puxo a Igrexa católica. Se algo se logrou coa ritualización da eucaristía foi quitarlla ao pobo e facer que este se apartase, e moito, dela.

Aínda falando de corpos

As palabras que nos contan que dixo Xesús naquela cea derradeira, son sorprendentes e, de entrada, causan estupor a ollos de non iniciados, xente de fóra dese tempo e desa cultura. Se as palabras que hoxe chamamos da "consagración" foran boas de entender e diáfanas, non terían sido tan estudadas; e poida que isto explique en parte por que foron tan doadas de sacralizar como fórmula máxica. Temos que sachar un pouco máis e afondar; procurar conectar co que Xesús buscaba na véspera de morrer. Quería manter a súa *presenza*, formando parte da vida e dos corpos da xente querida.

Na **Comuñón** como participación nunha presenza do outro, da outra, dun xénero, o humano, os demais inventos sobran. Como vacina contra a división que non a diversidade, esta necesaria para que a relación e o compartir sexan posibles. Relación e compartir que non se poden dar se non temos corpo, mans para dar, un corpo para o amor xeneroso e gratuíto. Unha boca para dar grazas. Un corpo capaz de solidarizarse con canto existe, o cosmos, capaz de pasar sede e fame. Dicídeme, quen é o deus dos famentos e dos sedentos de pan e de xustiza? A resposta é o lazo da unión indispensable e inevitable. A Deus grazas!

Lectura recomendada: **La mesa compartida. Estudios del Nuevo Testamento desde las ciencias sociales**, Rafael Aguirre (Sal Terrae)

"Unha das características máis importantes de calquera cultura son os seus rituais na mesa. Cada cultura establece con quen se come; que se pode comer; como, onde e cando facelo; e en que orde deben sentar os comensais. *A mesa compartida* estuda as comidas de Xesús no Evanxeo de Lucas e as da comunidade cristiá nos Feitos dos Apóstolos, á luz do que revela a antropoloxía cultural sobre o significado das comidas no mundo mediterráneo do século I."

Marisa de Corme (Mulleres Cristiás Galegas Exeria)

30 ANOS DE MULLERES CRISTIÁS GALEGAS EXERIA

"Astros e fontes e flores, non murmuredes dos meus soños,
sen eles, como admirarvos nin como vivir sen eles?"
Rosalía de Castro

O sábado 9 de maio celebramos un aniversario moi especial, e fixémolo cunha festa ao noso xeito: sinxela, pero grande. Non nos citamos nun amplo salón de veludo, dunha Academia ou dun pazo... senón nun centro sociocultural de barrio, o do Castiñeiriño de Compostela, onde prendeu a revolta do 68 compostelá, a loita antifranquista e no que a Igrexa galega de base deu firmes pasos postconciliares. Na nosa festa celebramos os pactos entre mulleres, tecidos ao longo do tempo, e que puxeron de manifesto as mulleres que nos acompañaron, en representación de *Alcem la Veu-Revolta das mulleres na Igrexa*, *Mujeres y Teología de Zaragoza* e a *Plataforma Feminista de Lugo*. Despois da benvida, a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, falounos dese camiño de sororidade tecido no feminismo galego cando MCG Exeria estaba no inicio da Marcha Mundial das Mulleres.

As flores estiveron presentes ao longo do día. Flores feitas por nós, en teas de cores. Porque nós somos flores ventureiras medrando nas beiras dos camiños, fillas bravas da Igrexa e do feminismo. Somos sementes que estenden as súas raíces habitando en terra de ninguén. Sen patrias, sen amos, fóra de coutos, invernadoiros ou xardíns botánicos, flores nacidas nas beiras entre o sagrado e o profano, entre o laico e o confesional, entre a institución e a marxinalidade... O noso perfume recolle cheiros de matrias distintas: hai en nós un pouco daquel perfume co que unha vez, unha muller, unxíu a cabeza do profeta, e tamén o cheiro bravo das xestas.

Nas rúas as feministas berran: somos as fillas das que non puidestes queimar! Pois ben, nós somos as fillas das que arderon na fogueira, as mortas na guillotina, as que sabían que a súa morte era semente. Somos fillas das resucitadas, de Inés de Roma, de Perpetua e Felicidade, de Xoana de Arco, de Margarita Porete, de Olympe de Gouges,... As nosas nais foron mártires, asasinadas por mor da súa independencia e liberdade... Nós, as Mulleres Cristiás Galegas Exeria, estamos aquí para resucitalas, porque a súa Pascua é a nosa Pascua.

Despois da acollida e as palabras de Goretti, en mesa redonda reflexionaron sobre o camiño percorrido Pilar Wirtz Molezún, mestra inspiradora da nosa andaina; Marisa Rodríguez Pereiro, que naceu ao feminismo en Mulleres Cristiás Galegas Exeria; Mabel Ruiz Ruiz, compañeira de Mujeres y Teología Zaragoza, asociación

que leva máis de 30 anos conxugando feminismo e ser cristiá; e, Ana Torrón Díaz, xornalista e feminista, da Plataforma Feminista de Lugo.

Na celebración final, con música e imaxes, recordamos a sororidade, encarnada nas figuras de Exeria e Rosalía e nos momentos e persoas luceiro, a nosa particular santa compaña de inmorrentes. Na honra desas dez mulleres luz acendemos o cirio pascual e dez candeas... elas son a nosa Pascua, a luz das nosas vidas, esa que non se acende para metela debaixo da cama, senón para poñela nun candeeiro e alumar a cantos entren na casa...

Tamén estreamos unha peza musical, composta por todas e arranxada por Lucía, recordo agradecido destes anos. Con flores e cestas reivindicamos pan e rosas, poñendo luz e vida no camiño de Exeria, que virou en xardín. Rematamos a mañá cunha danza de sororidade, plasmando cos nosos corpos o apoio entre nós, o sostén e a cadencia que son as amigas, a confianza de sabernos irmás, sororas.

Despois de xantar e cantar rematamos a nosa festa aos pés de Exeria, na escultura que a honra en Compostela, pensando na próxima xuntanza, no camiño que se nos abre por diante... Ata que a igualdade sexa costume!

"As flores estiveron presentes ao longo do día. Flores feitas por nós, en teas de cores. Porque nós somos flores ventureiras medrando nas beiras dos camiños, fillas bravas da Igrexa e do feminismo. Somos sementes que estenden as súas raíces habitando en terra de ninguén"

Marisa Vidal Collazo e Alba Rivas

NOVE MULLERES E UN "MILAGRE" CHAMADO CONVIVENCIA

Achegámonos ao Mosteiro de Armenteira para falar con Paula Téllez, recentemente elixida priora da abadía. Armenteira, mosteiro cisterciense desde o século XII, foi abandonado en 1837 coa desamortización. Iniciouse a súa reconstrución en 1963 e en 1989 refundouse coma mosteiro feminino do Císter cunha comunidade procedente de Alloz.

Marisa: Bo día, Paula. Saudamos á nova priora desta comunidade. Desde cando estás vivindo aquí?

Estou xusto na metade da miña vida. Teño 58 anos, e levo 29 como monxa. Sinto que a partir de agora comeza outra etapa: ter máis anos de vida monástica que de vida segrar.

Alba: Como chegaches aquí, como xurdiu a túa vocación?

A miña vocación... eu sempre pertencín á Igrexa. Meus pais son moi católicos, do Camiño Neocatecumenal, e eu crieime nese ambiente: rezabamos na casa, mesmo laudes1, algo que hoxe xa non é habitual. Pero ser monxa non era para nada o meu proxecto de vida. Eu quería casar, ter fillos... Tiña noivo, traballo, cartos, viaxaba... tiña todo. Pero sentía dentro de min un roxe-roxe, como lles digo ás veces aos rapaces: algo me faltaba. Tiña todo e non tiña nada.

Un día vin aquí pasar uns días na hospedería e escoitei unha frase do Evanxeo: "quen queira perder a súa vida por min atoparáa". Esa

Paula Téllez, a enxeñeira que atopou a felicidade no silencio de Armenteira: "Sen a fe, esta comunidade non funcionaíra. Sostémonos porque o que nos une transcende as nosas diferenzas"

quedoume dentro, aínda que a escoitara moitas veces. Pedín vacacións—traballaba de técnica forestal— e viñen un mes, en febreiro. E a felicidade que sentín aquí... non podía vir de fóra. Era algo fondo. Fun tan feliz ese mes que decidín deixalo todo e quedar. E pensei: se me equivoco, marcho. Porque o proceso non é inmediato. Pode durar uns oito anos entre postulantado, noviciado... depende da persoa. Ser monxa non é dun día para outro. É un proceso longo de maduración, tanto espiritual como humana. Na vida comunitaria hai conflitos, hai convivencia, e iso esixe coñecerse ben: saber xestionar emocións, feridas, historias persoais. Se iso está traballado, todo flúe mellor. Sabes pedir perdón, reconciliarte. Somos moi diferentes entre nós, pero aprendemos a convivir.

M: Ti viñas dun traballo como enxeñeira de montes, viñeches un mes de retiro... e logo?

O primeiro contacto foi de 15 días. Estaba nunha crise existencial, non sabía que facer coa miña vida. Viñen aquí para descansar, escoitarme e escoitar a Deus. Despois pedín quedar unha semana convivindo con elas. Sen compromiso. Só para ver como era a vida desde dentro.

Logo quedei un mes. E ese mes foi decisivo. Non foi nada espectacular, nin visións nin cousas raras. Foi unha felicidade profunda. E decidín dar o paso.

A: E como se organiza a vida aquí? Como é a estrutura?

Vivimos segundo a regra de San Bieito, do século VI. Evidentemente adaptada ao presente. O importante non son tanto as normas como o espírito. Somos unha comunidade cenobítica: vivimos en comunidade, pero tamén hai equilibrio entre soidade e vida común. Hai tempos para rezar, para estar soas, para traballar, para compartir. Temos estrutura, claro. E vivimos do noso traballo: sobre todo da hospedería, a eco-cosmética, a tenda que temos no mosteiro... Agora somos nove. Sempre fomos poucas. Este mosteiro sempre foi pequeno.

M: E economicamente?

Vivimos do noso traballo. Antes tiñamos horta, agora xa non podemos tanto. Temos axuda. E todo é en común. Cando fas os votos solemnes, renuncias á propiedade privada. Non tes nada propio. Todo é da comunidade. Traballamos moito, pero o traballo é fecundo, porque sabemos o que queremos e o que facemos facémolo centradas. Leva sendo así desde hai séculos... Sostemos o laboratorio, a hospedaría, coidámonos entre nós e temos a oración.

A: E as relacións coa familia?

Ao principio hai ruptura, para centrarse. É parte do valor da fuga mundi. Pero despois recupéranse as relacións doutro xeito.

M: Claro, e fiando co fuga mundi como é a relación coas tecnoloxías?

Hoxe co móbil e internet o mundo entra igual. Xa non existe esa separación total do mundo. Apostamos pola liberdade. Intentamos usalas sen que nos usen a nós. Non temos internet nas habitacións, pero si noutros espazos. Para estudar, formarnos, conectarnos... é moi útil.

A: E o liderado?

Estamos cambiando moito. Antes era máis xerárquico. Agora falamos de liderado desde o evanxeo: escoitar, involucrar, sacar o mellor das persoas. A priora escóllese por votación cada seis anos. Formámonos tamén para iso.

Temos formación seria: filosofía, teoloxía... e formación continua toda a vida, sempre enfocada á vida relixiosa.

A: Este modelo de vida comunitaria pode existir á marxe da relixiosidade non?

Non. Sen a fe, non. O que nos une é Cristo. Sen iso, non funcionaría. É un milagre que convivamos nove mulleres tan diferentes... sostémonos porque o común nos transcende.

M: E que achega isto ao mundo?

Moita xente pasa por aquí, peregrinos... e quedan impresionados. Non entenden o idioma, pero senten algo. Somos un interrogante: "que fan estas mulleres aquí?". E iso xa é unha mensaxe. E despois está a oración, que non se ve pero está.

Acollemos a todo o mundo. Moita xente non crente tamén. Veñen, participan... e algo pasa. E iso é algo que agora queremos facilitar máis: que a xente poida probar sen compromiso.

M: E que achega a experiencia da monástica cristiá respecto doutras espiritualidades "sen relixión".

Moitas espiritualidades fican no benestar persoal. Pero aquí hai algo máis: apertura aos demais, entrega, amor, servizo. Cambiar o mundo... si, pero desde dentro. Desde a interioridade, desde a fe.

Na Galicia das aldeas baleiras medra unha rede discreta de persoas que tenta organizar outra forma de vida. Esta é a historia de tres comunidades intencionais que lograron asentarse e tamén a dun fracaso, que axuda a entender as luces e as sombras destes proxectos.

VIVIR EN COMUNIDADE PARA

QUEDAR NO PAÍS

R.R

Na antiga casa de labranza onde hoxe medra A Silveira, no concello de San Cristovo de Cea, as mañás comezan cun ritual sinxelo: abrir o pendello das ovellas, preparar café zapatista con leite de avea e compartir o almorzo antes de comezar a xornada. Despois cada quen marcha ao seu traballo asalariado, ou queda reparando muros, atendendo a horta ou organizando actividades. Á noite pode haber unha asemblea, unha partida de xadrez ou unha conversa longa arredor da cea.

A escena podería parecer doméstica, pero detrás dela hai unha decisión profundamente política: vivir doutro xeito. “Queriamos construír unha vida máis acorde cos nosos ideais, conectadas coa natureza e afastadas do malestar do capitalismo”, explica Artai, integrante da Silveira e activista de Amigos da Terra. O proxecto naceu tras cinco anos de debates e en novembro de 2025 atoparon finalmente o lugar: A Casa de Alén, unha antiga casa de labranza restaurada na contorna do Carballiño. Hoxe viven alí cinco persoas conviventes e hai unha cooperativa sen ánimo de lucro formada por varias socias e consumidoras. A fórmula escollida busca evitar a propiedade individual clásica: a casa pertence á cooperativa e cédese en uso á comunidade.

“Gústanos entender a Silveira como un laboratorio social e de aprendizaxe sociocomunitaria”, di Artai. O obxectivo non é só compartir teito, senón experimentar formas de autoxestión, coidados e relación coa terra que poidan inspirar outros proxectos.

A comunidade organízase mediante principios de sociocracia, con grupos de traballo, roles compartidos e procesos de decisión colectivos. Mais a Silveira non quere converterse nun espazo pechado sobre si mesmo. “Non pretendemos ser un gueto de modernos”, resume Artai. “Queremos ser unha peza máis do rural, abrir espazos para actividades, acompañar movementos sociais e demostrar que outros futuros son posibles”.

A relación coa biodiversidade forma parte central desa idea. Un dos primeiros traballos da comunidade foi rescatar anfibios atrapados nunha piscina abandonada da finca. Construíron unha rampla de saída e unha nova

Membros da Silveira, nunha dinámica participativa

Esther, impulsora con Xosé da ecoaldea Savia

Edo e María, impulsores de Sende

charca xunto á horta para trasladar tritóns e ras. “Cando hai unha visión permacultural e biocéntrica, podemos transformar a contorna de maneira moi palpable”, explica.

Para Artai, un rural habitado tamén é unha forma de defensa do territorio. “Se o rural está habitado, o risco de incendios é menor”, afirma. A recuperación do tecido social, os montes comunais, o pastoreo ou a plantación de especies autóctonas forman parte dunha mesma idea: volver ligar comunidade e terra.

Savia: construír unha familia elixida

No corazón do Val do Eo, entre Galicia e Asturias, Savia representa outro modelo de vida comunitaria. A ecoaldea funciona nunha casona rehabilitada de 1613 onde viven até nove persoas arredor de principios veganos, agroecolóxicos e de autoxestión.

Para Esther e Jose, dous dos seus impulsores, o proxecto naceu como resposta á sensación de illamento da sociedade contemporánea. “Savia nace da necesidade de volver conectar con persoas aliñadas cuns mesmos valores básicos e compartir a vida máis alá da parella”, explican.

Na práctica, iso tradúcese nunha organización diaria baseada na cooperación. Cultivan sen utilizar derivados animais, elaboran conservas, xabóns e produtos básicos e aplican métodos de Comunicación Non Violenta para resolver conflitos internos.

“A clave é pasar de pensar en ‘eu’ a pensar en ‘nós’”, recoñecen. A convivencia non consiste só en compartir espazo, senón tamén responsabilidades, emocións e coidados.

En Savia tamén existe unha vontade explícita de integración coa contorna. “Regálannos verduras e nós levámoslles empanada de zorza vegana”, contan entre risas. O intercambio coa veciñanza converteuse nunha parte esencial do proxecto, que participa ademais en iniciativas comarcais para atraer novos habitantes ao rural.

Sende: teletraballo e comunidade no Xurés

Se Savia representa unha ecoaldea permanente, Sende explora unha vía distinta: o coliving internacional conectado co rural galego. Situado na pequena aldea de Senderiz, no Xurés, o proxecto fundado por María e Edo rehabilitou varias vivendas tradicionais para acoller profesionais, artistas e persoas vinculadas ao ámbito tecnolóxico que conviven durante semanas coa veciñanza local.

Sende converteuse nos últimos anos nun referente internacional do teletraballo rural. Mais detrás desa etiqueta hai unha idea máis profunda: reconstruír comunidade nun contexto marcado pola soidade e pola ruptura dos vínculos tradicionais.

“Facer comunidade cos veciños e veciñas que viven sós, que teñen entre 70 e 90 anos, xunto con xente de todo o mundo, forma parte da educación social”, afirma María.

O proxecto tenta recrear o que eles denominan o efecto da “casa do avó”: un espazo acolledor, compartido e seguro. Nas ceas poden coincidir persoas de quince

"Gústanos entender a Silveira como un laboratorio social e de aprendizaxe sociocomunitaria", di Artai. O obxectivo non é só compartir teito, senón experimentar formas de autoxestión, coidados e relación coa terra que poidan inspirar outros proxectos.

países distintos mentres participan nas tarefas colectivas da aldea.

Edo insiste en que o rural non pode sobrevivir convertido nun decorado turístico ou nun parque temático de vacacións. "Para salvar o rural hai que mudarse ao rural e quedar", afirma. Por iso critican as casas rehabilitadas que permanecen baleiras a maior parte do ano. "Preferimos ver unha ruína que unha casa restaurada onde ninguén vai vivir".

A sustentabilidade económica baséase parcialmente en bolsas e doazóns para evitar que o proxecto quede restrinxido a persoas con altos ingresos. "Na cea podemos ser vinte persoas de quince países sen decatarnos de quen cobra 7.000 euros e quen cobra 500", explican.

O Couso e os límites da vida comunitaria

Mais non todos os proxectos conseguen consolidarse. O peche da Aldea de Couso, en Samos, converteuse nun símbolo das dificultades materiais ás que se enfrontan estas iniciativas. Durante anos impulsou unha proposta de comunidade sostíbel baseada na colaboración e no voluntariado, mais acabou pechando pola falta de recursos estables e apoio suficiente.

O caso de Couso funciona como contrapunto ás experiencias que conseguiron asentarse. Porque detrás da imaxe idealizada do regreso ao rural existen obstáculos concretos: o acceso á vivenda, os custos de rehabilitación, a burocracia, a precariedade laboral ou o desgaste emocional que implica soster a convivencia.

Son modelos distintos —desde o activismo ecoloxista á ecoaldea permanente ou o coliving internacional—, pero coinciden nunha mesma intuición: o rural galego precisa persoas dispostas a vivir nel, coidar da terra e reconstruír vínculos.

No fondo, entre as hortas, as asembleas e os cafés compartidos, todas estas comunidades están intentando responder a unha pregunta moito máis profunda que a do despoboamento: como volver vivir xuntas nun tempo marcado pola precariedade, a soidade e a sensación de colapso.



Alba Rivas

O SON QUE COMBATE A SOIDADE

Coñecemos a vida de **Iria Eiras** como campaneira e sancristá de San Xurxo de Vea e o seu xeito de tecer comunidade

Neste número de verán, atendemos ao son das campás do val de Vea e procuramos alimento no que as campás eran e son á comunidade. Nun mundo de ruído e fume, quen aínda escoita as campás ten a mirada e o escoitar atentos, fai parte.

Iria, muller nova, fotógrafa, cristiá, campaneira e sancristá da túa parroquia, es unha excepción ao común, non?

Non me considero unha excepción, hai moitas sancristás e, ainda que o oficio de tocar a campá o adoitamos ligalo, actualmente, ao xénero masculino, realmente sempre houbo moitas mulleres campaneiras. En moitos casos os campaneiros oficialmente eran homes, pero logo tocaban as mulleres porque moitos deles cos seus traballos non podían realizar todos os toques. Sen ir máis lonxe, na catedral de Mondoñedo, veñen rexistradas nos libros parroquiais varias campaneiras, que quedaron ao cargo do oficio trala morte de pais ou esposos.

De onde che vén esa implicación coa parroquia? Sempre fuches crente?

Eu sempre estiven bastante ligada á vida parroquial por mor da miña familia. Xa con 17 anos fun catequista na parroquia. Actualmente acabei de sancristá porque o noso párroco, con 90 anos, pediumo para substituír o sancristán anterior. Sempre foi un bo amigo da familia e por botarlle unha man. Así comecei tamén a interesarme pola linguaxe das campás e o significado dos toques que, lamentablemente, se están perdendo ante a falta de relevo xeracional e a automatización das campás con martelos mecánicos.

Pódese dicir que era o whatsapp da época e a maneira de comunicarse?

Antes cada parroquia tiña os seus toques propios. Calquera veciño con escoitar a campá sabía, por exemplo, se o falecido era home ou muller e de que parroquia dos arredores, incluso a idade polo longo das carreiras. Outro exemplo, nas cidades, cada barrio ou zona tiña o seu propio toque a lume, cando había un incendio todas tocaban o toque desa zona para que os veciños acudiran a axudar a apagalo e non se estendese polo resto da cidade.

Alén do espiritual, a parroquia aínda vertebra un lugar común de encontro nas nosas aldeas, non? Como é na vosa?

Na nosa, eu creo que é unha das que máis xente acode da zona, sobre todo dende que hai uns anos houbo bastantes falecidos. É un hábito máis alá xa da devoción, unha maneira de xuntarse os veciños e facer comunidade, sobre todo para a xente maior ao perderse moito das relacións entre veciños que se tiñan antes para axudar no agro. Na nosa zona segue habendo moito cultivo e gando,

Iria Eiras, tocando as campás de San Xurxo de Vea

pero agora coa mecanización que quita moito traballo manual, non se xunta a veciñanza coma antes para traballar as leiras.

Por que te fixeches campaneira? Que implica na túa vida esta responsabilidade?

Na miña parroquia hai martelos mecánicos, pero non ten nada que ver co toque manual, sobre todo cando se repica a festa. Para min unha festa sen campá, non é festa. Dous campaneiros realizando o mesmo toque nunca van soar igual, o son vai variar en función da intensidade do golpeo, da velocidade, incluso da zona da campá onde se pegue ou como se colla o badal. Tocando en manual podes xogar a variar o ritmo e a intensidade do golpeo facendo o son máis forte ou máis suave. Cando hai defunto, tamén me gusta subir ao campanario para darlle a última despedida.

A veciñanza faille caso á campá?

Hoxe en día xa se perderon os toques, cando os veciños escoitan a campá fóra das horas (que dan as horas durante o día) xa chaman preguntando quen faleceu.

Tes relevo? Está alguén aprendendo de ti?

Na miña parroquia aínda quedan varios veciños que saben repicar e téñeno feito polas festas, pero é un campanario difícil para ensinar a cativos por como están colocadas as campás. As miñas fillas teñen probado con campás pequenas e gústalles, quen sabe? Igual nun futuro se interesan tamén e comezan a tocar.

Xa levas anos nisto, notas aversión da xente nova á vida parroquial?

Eu non noto aversión da xente nova, salvo casos puntuais, como en todo. Si é certo que hoxe en día hai moitas opcións de ocio as fins de semana e a xente nova prioriza outras actividades, pero se vas a romarías, santuarios ou á catedral verás xente de todas as idades. Simplemente viven a súa fe doutro xeito.

Como cres que a vida parroquial pode contribuír ao desafío de vivir en común unión?

A vida parroquial contribúe a xuntar aos veciños, compartir inquietudes e intereses. Nós abrimos o primeiro domingo de cada mes un local veciñal, ten moita aceptación, os veciños acoden para xogar as cartas, charlar, xogar os cativos... creo que fai un labor social importante, sobre todo para a xente que vive soa.

Algo máis que queras compartir con nós?

Se por algo se caracterizou o rural é pola comunidade e confraternización entre todos os veciños, sempre dispostos a axudarse e formar unha gran familia. Cada vez a xente é máis independente, vive con máis estrés e busca o ocio nas cidades. Estamos perdendo algo moi valioso, que deberiamos coidar.

Miguel Fernández Blanco, Voceiro-Coordenador do Foro Galego de Inmigración

Soledad Lucero: "As persoas migrantes levamos anos sostendo esta sociedade"

Soledad Lucero, fundadora e representante da Asociación Movilidad Humana, da zona de Ferrol, que se está a estender a outras zonas de Galicia. É unha das máis destacadas militantes antirracista e feminista de Galicia, símbolo tamén da defensa dos dereitos das persoas migrantes na nosa Terra. Entre os moitos enredos nos que se move, á parte da Regularización e do intenso traballo que lle está a dar estes meses, salientamos a súa participación na Rede Estatal Padrón por Dereito.

Por que é tan importante o empadroamento para as persoas migrantes? Como e para que xorde esta Rede?

O empadroamento é moito máis ca un papel. É o mínimo recoñecemento de que existimos neste territorio. Sen padrón, o sistema expúlsate, invisibilízate e négache dereitos básicos. E isto non é casualidade, é parte dunha lóxica estrutural que decide quen conta e quen non.

A Rede Estatal Padrón por Dereito xorde porque estamos fartas de ver como un dereito recoñecido por lei se converte nun privilexio ao que non todas poden acceder. Xorde desde os territorios, desde as organizacións e desde as propias persoas migrantes que vivimos estas violencias administrativas. É unha resposta colectiva fronte a un sistema que, moitas veces, funciona como unha fronteira máis.

Cal é a vosa participación na mesma e en que momento se atopa?

Desde *Movilidad Humana* levamos a realidade crúa que vivimos no día a día. Non falamos desde despachos, falamos desde corpos atravesados pola migración, polo racismo e pola precariedade.

Estamos nun momento de moita incidencia, pero tamén de moita tensión. Porque cando sinalas as violencias institucionais, incomodas. E nós vimos a incomodar, a cuestionar e a transformar.

A Rede está medrando, articulándose e facendo algo fundamental: politizar o padrón. Porque o padrón non é neutro, é unha ferramenta de poder.

"Seguiremos organizándonos, facendo rede e alzando a voz, porque a dignidade non se negocia""

Como valoras a Regularización na que estamos inmersos?

A regularización é unha demanda histórica do movemento migrante, pero tamén temos que dicir as cousas claras: non pode ser unha medida que deixe fóra ás persoas máis precarizadas.

Se o acceso ao padrón segue bloqueado, se se esixen requisitos afastados da realidade das persoas migrantes, entón estamos reproducindo exclusión baixo unha capa de "oportunidade".

As persoas migrantes levamos anos sostendo esta sociedade —nos coidados, na limpeza, na hostalaría—, e facémolo en condicións de desigualdade. Esta regularización ten que ser unha reparación, non un novo filtro.

***Movilidad Humana* é tamén un exemplo da participación das persoas migrantes, especialmente das mulleres. Cales son os retos agora?**

O reto é romper coa mirada asistencialista e colonial que nos coloca sempre como suxeitas pasivas. Nós non somos "as que reciben", somos as que organizamos, as que propoñemos, as que lideramos.

As mulleres migrantes sostemos a vida en todos os sentidos, pero seguimos sendo invisibilizadas nos espazos de poder. E iso tamén é violencia.

Outro reto é o tempo e as condicións materiais: como participas cando traballas como interna, cando non tes dereitos laborais, cando o teu tempo non che pertence?

Aínda así, seguimos creando comunidade, xerando liderados e demostrando que sen nós non hai sociedade que se sosteña.

Existe un racismo estrutural? Como loitar contra el?

O racismo estrutural non só existe, senón que organiza a sociedade. Decide quen accede a dereitos, quen é sospeitosa, quen pode falar e quen ten que calar.

Está nas leis de estranxeiría, nos obstáculos administrativos, nos discursos que nos criminalizan e tamén nos silencios.

Loitar contra o racismo implica ir á raíz, cuestionar o sistema que o sostén. Non abonda con campañas simbólicas.

Necesitamos políticas públicas valentes, redistribución de poder e, sobre todo, escoitar ás persoas migrantes non como testemuñas, senón como suxeitos políticos.

Ser antirracista é posicionarse. É incomodarse. É actuar.

Algunha outra cuestión que queiras transmitir?

Si. Que estamos cansadas de ser vistas como man de obra barata ou como problema social.

As persoas migrantes somos suxeitos de dereitos, somos comunidade, somos coñecemento, somos vida.

E tamén quero dicir algo claro: sen xustiza racial non hai democracia real.

Seguiremos organizándonos, facendo rede e alzando a voz, porque a dignidade non se negocia.

Ata que a dignidade se faga costume.

A REGULARIZACIÓN unha grande conquista dos colectivos migrantes e da cidadanía organizada

Miguel Fernández Blanco

Un formidable movemento cidadán, impulsado polos propios colectivos migrantes no conxunto do Estado español converteuse nunha ILP con máis de 700.000 sinaturas recollidas. Despois, quedou esquecida no Congreso dos Deputados durante varios anos. Agora concretouse , por fin, mediante unha reforma do Regulamento de Estranxeiría, para evitar a oposición política da extrema dereita racista e tamén, de forma incrible e con argumentos inverosímiles, por parte dun PP tirado ao monte.

Anunciada en xaneiro, e aínda que tardou algo en concretarse , dende o 16 de abril está a desenvolverse o proceso ata o 30 de xuño. Un atranco inesperado, a inclusión dun informe de vulnerabilidade non previsto, lastrou as primeiras semanas, pero o ritmo de presentación vai bastante áxil, especialmente aquí na Galiza. **Estamos con moito traballo, de forma coordenada entre todas nós, pero sobre todo con moita ilusión pola alegría que transmiten as persoas que están, coa documentación, recuperando dereitos básicos** e dignificando a súa contribución a nivel económico, pero tamén social, cultural e relixioso na nosa sociedade. Falta aínda por ver se non hai problemas na fase de tramitación, pero esta iniciativa dotará de dereitos a unhas 10.000 persoas en Galicia, máis de medio millón no Estado. **Non hai mellor antídoto contra o racismo e os discursos de odio que esta resposta da maior parte da cidadanía e do seu goberno en sintonía.**

Teresa Souto Loira

O barrio como comunidade

Cousas que pasan en Teis

O enfoque comunitario baséase na existencia dunha comunidade, entendida como un grupo de persoas que comparten territorio, valores, normas, roles ou lingua, elementos que constrúen unha identidade colectiva. A pertenza implica, ademais, aspectos clave como a identidade compartida, o compromiso, a cultura común, a interacción social e unha determinada maneira de relacionarse.

Desde, por e para a comunidade

Nese escenario, o traballo social comunitario xoga un papel fundamental. A súa misión é mellorar o benestar das persoas a través da participación activa da veciñanza e da creación de cambios duradeiros. A idea é clara: avanzar xuntos para transformar a realidade, contando coa implicación directa da cidadanía.

Porque os problemas sociais non afectan só a individuos illados. Moitas veces teñen raíces máis profundas e esténdense por toda a comunidade. As necesidades das persoas dependen non só da súa situación persoal, senón tamén do contexto social, económico e cultural no que viven. Por iso, as solucións non poden ser simples nin illadas, senón que deben abordar os problemas de maneira global, tendo en conta todos os factores que inflúen na vida comunitaria.

A intervención social nas comunidades require principios claros que poñan ás persoas no centro. O primeiro deles é a participación activa: a veciñanza non só debe ser escoitada, senón tamén formar parte das decisións, desde a análise dos problemas ata a posta en marcha das solucións.

Outro piar fundamental é o empoderamento: dar ferramentas ás persoas para que poidan afrontar as súas propias necesidades con autonomía, reforzando tanto as capacidades individuais como colectivas. Ademais, cada realidade debe abordarse cunha mirada ampla e integradora. Nesa mesma liña, o respecto pola diversidade convértese nun valor esencial, entendendo as diferenzas como unha riqueza e non como unha barreira.

Por último, o traballo en rede aparece como unha clave imprescindible. A colaboración entre institucións, profesionais e comunidade permite sumar esforzos e ofrecer respostas máis eficaces ás necesidades comunitarias.

Un plan para un barrio

Un exemplo destacado de intervención comunitaria atopámolo no Plan Comunitario de Teis, Vigo, en marcha desde 1995. Nado nun contexto marcado por diversas problemáticas sociais, este proxecto converteuse nunha resposta colectiva que busca fortalecer a cohesión e organizar a vida social do barrio.

Neste caso, a comunidade non é só destinataria das accións, senón tamén protagonista. O propio territorio e a súa veciñanza funcionan como motor e recurso clave para impulsar o cambio e o desenvolvemento social. A iniciativa baséase nunha idea clara: a corresponsabilidade. A través de comisións e comités específicos, abórdanse diferentes ámbitos de maneira coordinada, permitindo unha resposta máis completa ás necesidades do barrio.

O seu éxito e continuidade ao longo do tempo explícanse, en boa medida, pola implicación activa dos colectivos veciñais. A creación de espazos de encontro e colaboración foi clave para superar intereses individuais e avanzar cara a un proxecto común, construído desde a base e co compromiso da comunidade. Tamén é

"A intervención social nas comunidades require principios claros que poñan ás persoas no centro. O primeiro deles é a participación activa: a veciñanza non só debe ser escoitada, senón tamén formar parte das decisións, desde a análise dos problemas ata a posta en marcha das solucións"

Son das Floresconverte a música nunha ponte cara á cohesión social

importante destacar de onde parten realmente as accións, as liñas de traballo xorden dunha diagnose comunitaria propia, construída a través da escoita activa, da análise compartida e da atención ás necesidades que a propia veciñanza identifica como prioritarias.

Nenas, nenos e adolescentes facendo comunidade a través da música

No mesmo barrio de Teis xorde outra iniciativa que demostra como a transformación social pode atopar camiños inesperados. Trátase da *Asociación Son das Flores*, un proxecto que aposta pola música como ferramenta de cambio e crecemento persoal dentro do ámbito educativo.

Impulsado no CEIP Vicente Risco, combina dimensións sociais, pedagóxicas e culturais cun obxectivo claro: favorecer a inclusión e mellorar o benestar do alumnado a través da práctica musical. A proposta concrétase nunha orquestra e un coro de nenos, nenas e adolescentes, convertendo a música nunha experiencia compartida e aberta á comunidade.

Detrás deste proxecto está o compromiso do profesorado, do voluntariado e dos propios artistas. O seu traballo constante e coordinado tradúcese en actuacións que non só emocionan, senón que tamén reflicten o esforzo colectivo que hai detrás de cada peza. Un exemplo de como a implicación social pode soar, literalmente, en harmonía.

Os beneficios van moito máis alá do ámbito artístico. A aprendizaxe musical contribúe a mellorar habilidades cognitivas, ao tempo que impulsa a creatividade. Ademais, fomenta hábitos esenciais como a constancia, a disciplina e a responsabilidade. O alumnado interioriza valores como a tolerancia, a empatía e o respecto mutuo, fortalecendo as súas competencias sociais e emocionais, especialmente en menores en situación de risco ou exclusión social.

Así, Son das Flores non só promove o desenvolvemento individual, senón que tamén reforza os lazos comunitarios, convertendo a música nunha ponte cara á cohesión social.

Flavia Berrocal de Partearroyo, médica de familia e comunitaria



Un suspiro de esperanza

Médicas en folga para dispor da mellor das ferramentas de consulta: tempo



O transcurso dos últimos meses estivo atravesado polas folgas de traballadoras do Sistema de Saúde. Nalgúns casos, foron folgas de médicas fronte ao Ministerio do goberno español e, noutros, como na folga indefinida da Atención Primaria galega do 2 ao 25 de marzo deste ano, fronte á xestión da Consellería de Sanidade. Este artigo nace da necesidade de explicar o malestar que levou a dita folga e mesmo a un encerro nun Centro de Saúde vigués.

O tempo como presente con presenza

A raíz do malestar reside na dificultade para dispor da mellor das ferramentas na consulta: o tempo. Precisamos tempo para afondar na fonte do malestar e acompañar nos procesos de enfermidade. Como médicas de familia, estamos presentes en todas as etapas da vida e precisamos tempo para recibir a cada persoa, xa sexa un novo bebé, alguén nun proceso de final de vida, o primeiro contacto cunha persoa migrante ou co sufrimento dunha familiar en dó.

O tempo é necesario incluso para o máis básico: poder quitar e poñer as capas de roupa para explorar signos físicos de doenza, ou mudar as capas emocionais coas que nos protexemos. Sen présa, a verdade pode ser expresada desde o máis fondo; se hai présa, esa verdade volve a casa soterrada. Aínda que poucas cousas podemos curar, moito sufrimento pode ser aliviado con ese bálsamo feito de tempo e presenza.

Xustiza para todas

As folgas xorden das chamadas "axendas chicle" que se estenden ata os 50 ou 80 pacientes nunha xornada. As traballadoras tamén precisamos tempo para coller forzas antes de dar unha mala nova ou soltar tensión tras unha emerxencia.

A folga presenta o dilema de deixar de atender o cotián e ao vulnerable, mantendo só servizos mínimos. Porén, como medida de presión política, a folga é necesaria para aspirar a facer ben o traballo na consulta e na comunidade. Aínda así, é probable que as folgas non cheguen á raíz última: a mercantilización da saúde.

Visualizando esperanza

Poida que algún día a persoa atendida deixe de ser o máis importante para converterse nun número máis nesa *axenda chicle*; ese día o meu traballo deixará de ter sentido. Pero penso que hai esperanza e que ese día está lonxe.

Serán precisas máis folgas e loitas onde pacientes e traballadoras de todos os colectivos vaian da man. O diagnóstico da "enfermidade do capital" no sistema público está feito e aceptado. Está nas nosas mans buscarlle o remedio, defendendo o dereito á saúde de todas e os dereitos laborais. O sufrimento futuro é evitable se cada pequena acción cotiá emerxe desde o corazón.

Juan Antonio Terrón, Capelán do C.P. A Lama

Contra o punitivismo

A Luis, a policía coñéceo polo nome. Leva anos aparecendo nos mesmos atestados: pequenos furtos en supermercados e outros delitos de supervivencia, cousas de pouca entidade. Luis anda polos corenta e tantos, ten unha adicción que non consegue superar e leva moito tempo lonxe do fío que o unía a unha vida estable. Cada vez que sae da prisión, volve ás mesmas rúas, ás mesmas carencias, aos mesmos erros. Chámanlle reincidente. Quen o coñece de preto sabe que é, sobre todo, un home perdido.

A recentemente aprobada Lei Orgánica en materia de multirreincidencia, que endurece o Código Penal para persoas coma Luis, obríganos a facer unha pregunta incómoda: estamos buscando solucións, ou simplemente queremos sacar da vista o que nos molesta?

A criminalización da pobreza

O que a nova Lei establece, en esencia, é que a partir de tres condenas previas por delitos do mesmo tipo, o seguinte furto ou estafa -aínda que sexa de pouca contía- se castigue xa con penas de prisión. Engade subtipos agravados e amplía medidas restritivas como a prohibición de residir ou entrar en determinados barrios. No papel, algunhas destas medidas poden soar razoables para algunhas persoas. Pero abonda con saber quen son as persoas que caen unha e outra vez neste tipo de infraccións para entender o que realmente se está propoñendo.

A figura do multirreincidente leve case nunca corresponde ao delincuente profesional que aparece nalgúns discursos mediáticos. Corresponde, moito máis a miúdo, a persoas sen fogar, a quen arrastran adiccións sen tratar, a migrantes sen rede de apoio, a xente que sobrevive como pode nas marxes dunha sociedade que non soubo -ou non quixo- tenderlle a man a tempo. Endurecer as penas neste ámbito non é combater a delincuencia: é criminalizar a exclusión. É converter a pobreza nun factor case automático de encarceramento.

A criminoloxía sábeo desde hai décadas, e a experiencia do acompañamento penitenciario confírmao cada día: o simple endurecemento das penas non reduce a delincuencia de subsistencia cando seguen intactas as causas que a orixinan. Pódense encher máis cárceres. O que non se pode é esperar que iso arranxe o problema de fondo.

Cando a lei contradí o seu propio fin

É frecuente citar o precepto constitucional que indica que a fin principal da pena privativa de liberdade é a reeducación e a reinserción social. Non o castigo polo castigo, non a vinganza institucionalizada, non a neutralización indefinida do incómodo. A reinserción. E, con todo, esta reforma vai exactamente na dirección contraria.

Cantos máis antecedentes penais, máis portas pechadas para atopar traballo. Canto máis tempo en prisión, máis rotos quedan os vínculos familiares que, moitas veces, son o único apoio que lle queda a alguén.

"O precepto constitucional indica que a fin principal da pena privativa de liberdade é a reeducación e a reinserción social. Non o castigo polo castigo, non a vinganza institucionalizada, non a neutralización indefinida do incómodo. A reinserción. E, con todo, esta reforma vai exactamente na dirección contraria"

As medidas de afastamento de determinados barrios converten as persoas en estranxeiras dentro da súa propia cidade, expulsadas mesmo do territorio que coñecían. E o estigma que se vai acumulando con cada condena fai máis difícil saír dese círculo. Onde a lei fala de tratamento e de esperanza de cambio, esta Lei está construíndo muros.

Quen traballamos na Pastoral Penitenciaria vemos isto de preto. Acompañamos persoas que queren saír adiante, que teñen momentos de transformación real, que cargan cun pasado que as persegue con teimosía. A reforma fai ese camiño aínda máis costa arriba. Non para quen delinque con frialdade e cálculo -eses adoitan ter recursos para esquivar as consecuencias-, senón para os máis vulnerables, para os que xa están no chan.

Unha ollada evanxélica

O papa Francisco pasou anos poñendo nome ao que está en xogo. A *Fratelli tutti* fixo célebre a expresión "cultura do descarte": esa tendencia das nosas sociedades a considerar prescindibles a quen non encaixa, a quen non produce, a quen acumula demasiados fracasos. E advirte de que esa cultura non é só un problema económico ou político: é unha doenza espiritual.

"Non hai pena humana sen horizonte", dixo Francisco en máis dunha ocasión diante de representantes da pastoral penitenciaria. Ninguén pode cambiar de vida se non se lle ofrece unha posibilidade real de facelo. A misericordia non é inxenuidade: é a convicción, fondamente enraizada no Evanxeo, de que ningún ser humano queda reducido para sempre aos seus erros.

O mesmo Xesús buscou sempre os que os demais xa descartaran. Non os atopou nos lugares de honra, senón nas marxes: nos leprosos aos que ninguén tocaba, nos recadadores aos que ninguén convidaba, nos presos aos que ninguén visitaba. "Estiven no cárcere e viñestes verme." Non é unha metáfora bonita. É unha chamada directa a quen dicimos seguilo.

Hai alternativas

Sinalar os problemas dunha lei non abonda. A crítica honesta obriga tamén a propoñer alternativas. E hainas.

A primeira é obvia, pero poucas veces se di con claridade: a prevención social. Vivenda, tratamento das adiccións, acompañamento comunitario nos barrios máis vulnerables, regularización de quen vive sen papeis e sen rede. Cada euro investido nestes ámbitos rende moito máis ca varios destinados a xestión penitenciaria, e ademais ten un efecto real na vida das persoas, non só nas estatísticas de reincidencia.

A segunda é a xustiza restaurativa: mecanismos que poñan no centro a reparación do dano e a responsabilización real de quen cometeu o delito, non só o castigo. Modelos que demostraron a súa eficacia en moitos contextos e que lle permiten ás vítimas algo que a prisión raramente ofrece: sentir que algo cambiou, que o dano foi recoñecido e que existe a posibilidade de seguir adiante.

A terceira é escoitar. Escoitar a quen vive e traballa nas prisións, a quen acompaña as familias dos reclusos, a quen coñece polo nome as persoas das que a lei fala en frío como "suxeitos multirreincidentes". Calquera reforma penal que non incorpore esas voces nace xa cunha cegueira de orixe.

Volver á humanidade

Luis volverá saír da prisión. Despois desta reforma, farao con máis antecedentes, máis restricións de movemento, máis portas pechadas e exactamente os mesmos problemas de fondo que o levaron ata alí. A sociedade terá pagado o custo do seu encarceramento e non terá resolto nada.

A Pastoral Penitenciaria seguirá aí, acompañando a Luis e aos milleiros de persoas que comparten a súa historia. Seguiremos dando testemuño de que ninguén queda fóra do amor de Deus, de que o cambio é posible aínda que custe, de que a dignidade humana non se perde aínda que se perda case todo o demais. Pero tamén necesitamos que as leis acompañen ese horizonte, e non que lle poñan atrancos.

Unha sociedade que responde ao fracaso dos seus membros máis fráxiles só con máis exclusión non está sendo máis segura. Sinxelamente está sendo menos humana.

Marisa de Corme

Carlos Domínguez Morano (Huelva, 1946) é teólogo, psicólogo e psicanalista. Achéganos neste libro as traxectorias vitais de tres mulleres precursoras da teoloxía despois de Auschwitz. Repasa as súas biografías e analiza o percorrido espiritual de cada unha delas, afondando na cuestión de Deus en relación ao poder.
Coa mesma orixe xudía, os seus camiños de vida espiritual e vital son diferentes. Edith Stein é unha muller apaixonada pola filosofía, que busca a verdade e o sentido da vida. Simone Weil, de personalidade inquietante e complexa, é filósofa, activista, obreira, mística e utópica. Etty Hillesum camiña desde o caos á integración, sen relixión pero cunha espiritualidade que se axeonlla ante o sufrimento humano.

Vendo como o poder se manifesta, onte e hoxe, con toda a súa forza mortífera, estas tres místicas ensínannos que só podemos pensar a Deus como amor que se ofrece desde á máis extrema debilidade. Stein camiña da man de Tareixa de Xesús e a experiencia da cruz; Weil desde o padecemento e a desgraza vivida como presenza e ausencia, atención e espera; Hillesum desde a escoita interior do Deus indefenso, do amor que vence ao odio. Así nolo expresa o prólogo do libro:

Salváronse preservando o máis valioso delas: a súa humanidade profunda, a súa vitoria sobre a dinámica de mal, odio e destrución na que se viron inmersas. Dese modo, convertéronse en testemuñas do mellor do humano. Porque nos seus procesos persoais atopáronse cun Deus plenamente identificado coa fraxilidade e a impotencia dos últimos. Un Deus que se revela, non na forza e o poder, senón tan só no amor impotente e solidario. E é alí onde autenticamente "vencen ao mundo" (Xn 16, 33)

A súa lectura reconcílianos co mundo e con Deus en tempos incertos de sufrimento e desconexión co humano.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Compartir ata os ronquidos: O día que descubrín o segredo da vida en comunidade

Cando eu era adolescente os monxes dun mosteiro invitáronme a pasar o día con eles. Dende a mañá ata a tardiña fixen o que facían eles. Recei con eles, comín con eles e fixen as pequenas tarefas que un monxe noviño e espelido me mandou facer, do xeito do "ora et labora". A intención dos monxes era clara. Captar unha posible vocación.

Non me atraeu moito ese estilo de vida e a comunidade monástica desistiu de min axiña pero lembro unha cousa que me chamou a atención e que paso a contar. Despois de xantar a comunidade foi a unha especie de sala de estar onde había moitos sofás e os monxes comezaron a ver o telediario. Os monxes falaban baixiño e axiña vin que, empezando polos maiores, todos ían moneando en pequenas sestas e emitindo pracenteiros ronquidos. O monxe acompañante, vendo o meu sorriso divertido, deume unha explicación que daquela non entendera de todo ben pero que agora comprendo. "Aquí a comunidade é moi importante".

A Igrexa ten que revisar moitas cousas pero hai algo do que pode estar orgullosa. Das súas comunidades monásticas. Son claros exemplos de vida en común e de modelos de construción do Reino. Abandonar o egoísmo polo ben común. Compartir ata os ronquidos das sestas. Facer as cousas xuntos está ben pero facelas en comunidade é o modelo de Xesús.

Non todos estamos chamados a vivir en comunidade monástica pero si que o modelo debe ser algo cuestionador aínda nos nosos días. Calquera que queira ter un modelo comunitario ten unha referencia estupenda. Se queres ir rápido vai só, se queres ir lonxe vai acompañado.

Ledicia Piñeiro

Influencers

Patri Otero (Santiago de Compostela, 2000) xornalista, community manager e creadora de contido en Galicia e en galego. A través dos seus perfís denuncia as inxustizas e fai un exercicio de análise crítica dos mecanismos que moven o mundo. A súa presenza en redes atrae seguidores e detractores, Patri é consciente do polémico do seu contido mais é consciente de que facer saltar os resortes do poder trae consecuencias como estas. Con todo, conta con multitude de seguidores que buscan unha mensaxe de realidade nas redes. Patricia compaxina o seu labor en redes sociais cun traballo nunha axencia de comunicación. Que o contido de Patri é dunha tremenda calidade, dan mostra os diferentes premios dos que pode campar como o premio Yotubeiras+ , na categoría de Calidade lingüística por "utilizar e fomentar o bo uso da lingua galega, así como a súa normalización dun xeito exemplar", ou ser finalista na categoría de Mellor Creadora no Carballo Interplay.

https://www.instagram.com/patriiotero/
https://www.tiktok.com/@patriiotero



Podcast

Bendita Sea La Hora. Winnie e Mirna son as creadoras e presentadoras de Bendita Sea La Hora, un popular podcast que se centra nas vivencias da comunidade negra en España. Este podcast non só ten intención divulgativa, senón de formar comunidade, promocionar persoas, artistas negras, sobre todo de orixe africana, encontros e convocatorias para facer da colectividade unha familia de irmás e irmáns atravesados pola pel, historias, discriminacións e camiños similares. Winnie e Mirna son coñecidas polo seu estilo directo, humorístico e, ás veces, polémico. Recentemente, o podcast gañou maior visibilidade tras ser parte da organización da Gala d'Or 2026, presentada como una "Met Gala" á española, destacando o estilo, o "dandismo" e a cultura urbana. Podes atopar os seus episodios e clips na súa canle de Youtube, en Spotify e seguir as súas actualizacións diarias na súa conta de Instagram.

https://www.youtube.com/@BenditaSeaLaHora.
https://www.instagram.com/benditasealahora/
https://www.tiktok.com/@benditasealahora0

E en Spotify:

Animación

Rafaella Tuma (1989, São Paulo) é unha recoñecida ilustradora e animadora brasileira que se converteu nun fenómeno das redes sociais polas súas creativas animacións humorísticas de situacións cotiás, mais se tan divertidas son as súas ilustracións non o son menos os audios que as acompañan. Gañou gran popularidade grazas aos seus vídeos con "bonecos de palitinhos" que ilustran audios divertidos da internet, logrando millóns de seguidores en plataformas como Instagram e TikTok. Tes can na casa e para que coma a súa comida tes que facerlle unha festiña? Esta situación ou calquera outra cotiá; a menstruación, a saúde mental ou as relacións de parella son temáticas susceptibles dunha animación humorística brasileira. Alén do seu contido viral, Rafaella é ilustradora freelance e traballou en campañas publicitarias, colección de estampas e pósteres. Tamén comparte os seus coñecementos a través de cursos para artistas que desexan aprender a xestionar a súa carreira e vivir da arte.

https://www.instagram.com/rafaellatuma/
https://www.tiktok.com/@rafaellatuma

Rubén Aramburu



Virxilio, un daqueles tres curas que fundaron a asociación ABRENTE

OS DE RIVADAVIA

Que tres curas opten por vivir xuntos nunha mesma casa, compartir o traballo, o estudo e os bens, parece algo imposible a día de hoxe na nosa terra. Pois houbo unha experiencia ben fermosa en Ribadavia, hai case 60 anos, e foi frustrada polo caciquismo político e clerical.
Ribadavia nos anos 60 era unha zona abandonada relixiosamente, onde só o ritualismo necesario reunía a xente na igrexa. Animados polos novos aires do Vaticano II tres curas ofrecéronse ao bispo para iniciar unha experiencia de equipo e transformación pastoral: Miguel, Virxilio e Xosé Bieito. Falamos do ano 1967, na ditadura franquista. O bispo deulles permiso e aló marcharon pero pronto cometeron erros imperdoables como empregar o galego na liturxia, non vestir sotanas, compartir un piso alugado e non vivir na reitoral, xuntar a xente en asembleas democráticas, non cobrar polos servizos relixiosos... Os poderes fácticos da vila volvéronlles as costas desde o primeiro día. Nos dous anos que durou a experiencia mudou a vivencia relixiosa da bisbarra e moita xente participou das iniciativas, mesmo algúns que nunca entraban nos templos. Os nosos amigos comezaron a vivir no medio da xente coma veciños, espertando o espírito solidario. Crearon unha das asociacións culturais senlleiras de Ourense: ABRENTE, especialmente enfocada á mocidade. Foise transformando todo. Demasiado.
Ata agora non puxen nome ao señor bispo pero supoño que todos acertades quen era: monseñor Temiño, aquel que ameazou de excomuñón a Irimia e á Romaxe. O primeiro foi prohibir o uso do galego na liturxia, e logo obrigounos a vestir sotana. Policías secretos acudían ás misas e charlas e redactaban informes. O feito de que non cobrasen por misas e enterros levou á sospeita de que eran financiados por Moscú. No ano 1969, Temiño deu por rematada a experiencia, disolveu o equipo e mandou a cada cura a unha parroquia. Houbo revolta, protestas nas que a Garda Civil interveu mesmo con malleiras. Os curas de Ribadavia pertencían aos Coloquios de Parroquias dos que contamos no último Irimia, o que provocou unha onda de solidariedade en toda Galicia.
A revolta apareceu nos principais xornais. Malia as numerosas peticións ao bispo de que reconsiderase a decisión, pechouse en banda e rexeitou todo diálogo e negociación. Os curas tiveron que marchar, creando un gran desacougo entre tanta xente ilusionada e esperanzada. Con todo foron quen de abrir camiños nos novos destinos. Miguel, irimego de sempre, acompañounos nas Romaxes con xentes das súas parroquias. Virxilio, co tempo, abandonou o sacerdocio mais non o compromiso. Xosé Bieito exerceu de párroco no Carballiño.
Os tres partiron xa de entre nós. E sabedes que?, hai un equipo na casa do pai con matrícula de Ourense.

Victorino Pérez Prieto

Um decálogo para o nacionalismo galego



DECÁLOGO DO NACIONALISTA GALEGO

1º. GALICIA É A TUA TERRA. ESTA É A TUA NACIÓN.

2º. A TERRA É SAGRADA. TRAIDOR QUEN OUSE PROFANALA.

3º. LINGUA, HISTORIA, COMARCAS, ECOLOXIA, FOLCLORE, INSTITUCIONS E FESTAS NACIONAIS SON O TEU PATRIMONIO: GÁRDAO CELOSAMENTE E ENRIQUÉCEO.

4º. NON VENDAS A GALICIA: NIN POR PARTIDISMO, NIN POR DIÑEIRO, NIN POR NINGUNHA CLASE DE PODER... NIN POR NADA.

5º. NON MATES NIN ATROPELLES NO NOME DE COUSA NINGUNHA. NON TE DEIXES ASOBALLAR PORQUE SÍ.

6º. NON REGATEES O DEREITO A SER GALEGO A NINGÚN CIDADÁN. CALQUERA QUE ESTIME A TERRA TEN DEREITO A RECLAMALA COMO SUA.

7º. NON IMPROÑAS A NINGUÉN A TUA NACIONALIDADE. GALICIA É TERRA DE LIBERTADE.

8º. NON TE DESLUMBREN AVENTURAS ALLEAS. GALICIA É O TEU CAMPO DE TRABALLO. ESO NON QUITA QUE SEXAS SOLIDARIO CON TÓDOLOS HOMES DO MUNDO.

9º. NON SIRVAS OS NEMIGOS DO TEU POBO: SON NEMIGOS DE TÓDOLOS OUTROS POBOS.

10º. SÉ CRÍTICO: GALICIA NON É A MELLOR TERRA, É SIMPLEMENTE A TUA.

IRIMIA nº 239 (20, julho, 1986)

O tema de Galiza, a sua identidade nacional, língua, cultura, território... o sentimento de ser a pátria de todos os galegos, foi sempre recorrente na revista, um dos temas mais reiterativos ao que volvíamos uma e outra vez. O segundo e terceiro verso do acróstico que encabeçava sempre a revista era *"Recobrando o ser galego que esquecemos/ Imos sementando pátria"*. Éramos conscientes de que, como dizia o quinto verso, *"Imos fazendo outra historia"*; uma historia de reconhecimento e reivindicação do que somos, do nosso passado alentando um novo futuro.

Dois dos elementos desta identidade aparecem repetidamente na revista, desenhados uma e outra vez por mim: o território da Galiza, perfeitamente enquadradoentre o Atlântico e a península, e a nossa bandeira ondeando ao vento.

Para este número que vê a luz perto do Dia da Pátria Galega, que tanto celebramos uma e outra vez na revista, escolhemos para esta secção da hemeroteca um "Decálogo do nacionalista galego", tomado do nº 239. Está publicado ha agora quarenta anos (20, julho, 1986), e resulta, outra volta, completamente atual. Está desenhado a mão, sobre o fundo da bandeira, para ser reproduzido e difundido de jeito doado; de feito, chegarem a fazer-se adesivos ou *pegatas* com ele.

Neste Decálogo aparecem os temas de identidade fundamentais da identidade nacional, defendidos pelos nacionalistas desde a geração de Castelao até hoje: a terra como espaço sagrado, com as suas comarcas, a pátria, a língua, a historia, a cultura escrita e popular, o folclore e as festas, as instituições... um patrimônio para ser defendido e guardado ciosamente.

Mas um nacionalismo respeitoso e tolerante com as outras nações, que tenhem o mesmo direito de ser que a nossa. Por isso, um nacionalismo antiimperialista. Um nacionalismo que não se deixa assovalhar por outros, mas que não quer fazê-lo com nenhum outro povo; não quere impor-se violentamente a ninguém. Por isso, o decálogo conclui com sabedoria e realismo: "Se crítico: Galiza não é a melhor terra, é simplesmente a tua".

48 ROMAXE
DE CRENTES GALEGOS/AS

12 DE SETEMBRO
SANTA MARIÑA DE AUGAS SANTAS
(CONCELLO DE ALLARIZ)

11:00 ACOLLIDA | 12:00 CELEBRACIÓN
14:00 XANTAR | 16:00 SOBREMESA